Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.	Labor didáctica do profesorado.	Todo o seu profesorado.	Cada día do curso.	Apreciación do profesorado valorando o traballo persoal e en grupo.
Adquirir habilidades para a prevención e resolución de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico e tamén cos grupos sociais cos que se relacionan.	Labor didáctica do profesorado.	Todo o seu profesorado.	Cada día do curso.	Apreciación do profesorado valorando as súas actitudes e manifestacións orais.
Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.	Libro Dixital (Proxecto E-Dixgal) Libros Material audiovisual. Labor didáctica do profesorado.	Todo o seu profesorado.	Calquera día do curso.	Apreciación do profesorado valorando o traballo persoal.
Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura	Libro Dixital (Proxecto E-Dixgal) Libros . Material audiovisual. Labor didáctica do Profesorado. Lectura diaria na aula. Lectura na biblioteca.	Profesorado de lingua galega e castelá.	Cada día do curso.	Apreciación do profesorado valorando a expresión oral e escrita, con distintas probas orais e escritas. Valorando o seu hábito lector. Traballo diario no caderno.
Adquirir polo menos nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.	Libro Dixital (Proxecto E-Dixgal) Libros. Material audiovisual. Labor didáctica do Profesorado.	Profesorado de inglés.	Cada día do curso.	Apreciación do profesorado valorando a expresión oral e escrita, con distintas probas orais e escritas. Traballo diario no caderno.
Desenvolver as competencias matemáticas básicas e afianzar na resolución de problemas a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.	Libro Dixital (Proxecto E-Dixgal) Libros de texto. Caderno de actividades. Labor didáctica do profesorado.	Titor/a Todo o profesorado.	Cada día do curso.	Apreciación do profesorado Traballo diario no caderno Controis dos distintos temas.

Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.	Libro Dixital (Proxecto E-Dixgal) Libros. Material audiovisual. Labor didáctica do profesorado.	Profesorado de Ciencias, de lingua galega e castelá e de Educación física.	Cada día do curso.	Apreciación do profesorado Traballo diario no caderno Controis dos distintos temas con 10 preguntas.
Utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.	Libro Dixital (Proxecto E-Dixgal) Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) Ordenadores persoais.	Todo o profesorado.	Calquera día do curso que sexa necesario.	Apreciación do profesorado. Traballo persoal realizado.
Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.	Libro Dixital (Proxecto E-Dixgal) Libros. Instrumentos musicais Materiais audiovisuais Caderno de actividades. Material de plástica.	Profesorado de música e plástica.	Cada día do curso.	Apreciación do profesorado. Traballo persoal realizado.
Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o da outra xente, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.	Libro Dixital (Proxecto E-Dixgal) Libros Material de educación Física.	Profesorado de Sociais, Naturais e de Educación Física.	Cada día do curso.	Apreciación do profesorado. Traballo persoal realizado.
Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.	Libro Dixital (Proxecto E-Dixgal) Libros. Material audiovisual. Labor didáctica do profesorado.	Profesorado de Sociais e Naturais.	Calquera día do curso.	Apreciación do profesorado. Traballo diario no caderno Controis dos distintos temas.
Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.	Libro Dixital (Proxecto E-Dixgal) Libros . Material audiovisual. Labor didáctica do profesorado.	Todo o profesorado., en especial (o de Educación en Valores).	Calquera día do curso.	Apreciación do profesorado valorando as súas actitudes e manifestacións orais.
Aprender a buscar, seleccionar e valorar información en Internet, para usar esa información como recurso educativo; e organizala e tratala mediante os novos medios informáticos.	Buscadores de Internet. Ferramentas ofimáticas. Recursos educativos nos blogues Ordenadores persoais.	Profesorado E-Dixgal	Calquera día do curso.	Valoración das actividades resoltas e dos traballos realizados.

## OBXECTIVOS XERAIS DE ORIENTACIÓN

OBXECTIVOS XERAIS	MEDIDAS/RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Elaborar os informes específicos das solicitudes de axudas para o alumnado con neae e asesorar ás familias sobre os trámites desas axudas	Reunións individuais coas familias	Orientador	Setembro
Realizar as avaliacións do alumnado que o precise	Recollida de información Reunións titores-orientador Material de diagnose	Orientador	Todo o curso
Elaborar os informes psicopedagóxicos preceptivos	Modelo de informe	Orientador	Todo o curso
Informar dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas realizadas ó alumno/a aos titores e familias	Reunións cos mestres titores Reunión coas familias	Orientador	Todo o curso
Solicitar a intervención do EOE cando sexa preciso	Modelo de solicitude Envío á Inspección educativa	Orientador	Todo o curso
Coordinar a actuación do profesorado de PT e AL de cara a dar unha resposta educativa axeitada ó alumnado con n.e.a.e.	Reunións X.E.-orientadora Reunións PT-AL-orientadora	Xefe estudos Orientador Mestras PT/AL	Setembro-outubro Todo o curso
Asesorar en cuestións de medidas de atención á diversidade: RE, AC	Reunións titores-orientadora Modelo de AC e Plan de reforzo Revisión conxunta	Orientador	Todo o curso 1º e 3º trimestre(AC)
Colaborar nas tarefas de orientación e información ás familias	Reunións individuais cos pais/ nais Charlas informativas Elaboración de pautas escritas para problemas xerais	Orientador	Todo o curso
Dotar ao Departamento dos recursos necesarios para o desempeño do seu traballo	Material bibliográfico Material de reeducación	Orientador	Todo o curso
Potenciar a coordinación con outras institucións que están implicadas na educación	Reunións IES Contactos con S. Sociais Contacto telefónico/electrónico con Servicios médicos...	Orientador	Todo o curso
Programar actividades que abranguen a todo o alumnado	Charlas formativas Plataformas dixitais Visionado de películas Talleres Actividades para o benestar emocional	Orientador Persoal externo experto Titores	Todo o curso

## CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A atención educativa dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo atópase dentro do Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro. O centro conta cunha unha mestra de Audición e Linguaxe que se centra sobre todo nos aspectos comunicativo-lingüísticos e unha mestra de PT que se encargará de dar apoio ós alumnos/as en tódolos ámbitos do desenvolvemento.

Durante o curso 2024-2025 atenderase alumnado tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria. Atopámonos ante un grupo un alumnos/as moi heteroxéneo e demasiado numeroso, dende dificultades articulatorias ou pobre utilización da linguaxe, alumnado con

descoñecemento do idioma e alumnado con graves trastornos na comunicación e no seu desenvolvemento.

A temporalidade de cada intervención virá determinada pola decisión acadada no Departamento de Orientación en función das necesidades que presenten os alumnos/as e da dispoñibilidade horaria, priorizando a atención ás NEE. Os destinatarios desta intervención recibirán un apoio individual ou en pequeno grupo fóra ou dentro da súa aula (o que será prioritario).

No que a metodoloxía se refire, será individualizada, activa, manipulativa, flexible e contemplará unha diversidade de estratexias, en función das necesidades individuais de cada alumno/a.

As accións prioritarias das mestras de apoio son as seguintes: apoio directo e individualizado ó alumnado, coordinación e colaboración co mestre titor, coordinación co Departamento de orientación para establecer liñas xerais de atención á diversidade e favorecer a implicación familiar.

## Obxectivos

Os obxectivos que se propoñen son os seguintes:

- Potenciar o desenvolvemento das competencias clave e básicas.
- Proporcionar ó alumnado estratexias de aprendizaxe.
- Detectar dificultades de aprendizaxe e aplicar medidas de reforzo.
- Fomentar o hábito da lectura no alumnado.
- Favorecer o desenvolvemento lingüístico.
- Desenvolver os procesos cognitivos básicos.
- Establecer canles de colaboración entre os diversos membros da comunidade educativa (mestres, familias, persoal coidador, gabinetes psicopedagóxicos, asociacións e/ou fundacións...).
- Propoñer actividades, metodoloxías e propostas de intervención baseadas na integración e inclusión, valorando como imprescindible o desenvolvemento socioemocional do alumando.

## Avaliación

Partindo da avaliación psicopedagóxica de cada alumno/a, a avaliación levarase a cabo en tres momentos: avaliación inicial que establece o punto de partida de cada intervención; avaliación

continua, a cal se realizará diariamente co fin de coñecer como aprende cada alumno e a súa evolución; e avaliación final, permítenos reflexionar sobre o grado de consecución dos obxectivos propostos e elaborar propostas de mellora, se fose necesario.

Descrición do alumnado que asiste a apoio:

En anos anteriores, o D.O. estaba formado por máis dunha mestra de PT (ou ben a tempo completo ou parcial) que aínda que non chegaba para cubrir todas as horas exactas de apoio que necesitarían os alumnos con NEAE, podíase abarcar gran parte do alumnado.

A día de hoxe, debido as NEE de certos alumnos no centro e da gran cantidade de alumnado con NEAE (sobre todo de alumnado con desvantaxe sociocultural e de incorporación tardía no sistema educativo) non é posible cubrir a demanda de todo o alumnado e inclusive o que sí está atendido non o está axeitadamente.

Por toda esta situación, o D.O. tivo que establecer criterios de prioridade entre o alumnado que implica as seguintes cuestións:

- Alumnos que con NEE que non poden ser atendidos as sesións necesarias.
- Alumnos que con NEAE que non recibirán apoio das mestras de PT e AL.
- Cambios constantes nos horarios das mestras de apoio en función de novas incorporacións de alumnos.

Debido a toda esta situación, a día de hoxe o alumnado de AL e PT é o seguinte:

Alumnado de AL

Inicialmente a especialista de AL atenderá a 21 alumnos/as pertencentes ós seguintes cursos:

Educación Infantil:

De 5º de educación infantil, recibirán apoio 3 alumnos/as: Todos amosan dificultades graves da comunicación.

De 6º de educación infantil, recibirá apoio 1 alumno con dificultades articulatorias graves.

✓ Educación Primaria:

De 1º curso recibirá apoio 1 alumna con dificultades articulatorias graves. De 2º curso recibirán apoio un total de 8 alumnos/as:

A intervención será fora da aula e abarcará dende dificultades articulatorias ata dificultades na comunicación e na linguaxe producidas por trastorno do desenvolvemento.

De 3º curso recibirá apoio un 1 alumno con dificultades na comunicación e na linguaxe producidas por trastorno do desenvolvemento.

De 4º curso recibirán apoio un total de 3 alumnos/as:

A intervención será fora da aula e abarcará dende dificultades na comunicación e na linguaxe producidas por trastorno específico da fala e por descoñecemento do idioma.

De 5º curso recibirán apoio un total de 2 alumnos/as:

A intervención será fora da aula e abarcará dende dificultades na comunicación e na linguaxe producidas por trastorno específico da fala e por descoñecemento do idioma.

De 6º curso recibirán apoio un total de 2 alumnos/as:

A intervención será fora da aula e abarcará dificultades na comunicación e na linguaxe producidas por descoñecemento do idioma.

\* Este horario poderá ser modificado en función de novas incorporacións e altas.

#### ALUMNADO DE PT

Inicialmente se atenderán a 30 alumnos/as pertencentes ós seguintes cursos:

De 1º curso de Educación Primaria: Recibirán apoio un total de 2 alumnos cunha intervención dentro da aula sobre dificultades específicas de aprendizaxe, dificultades na atención e nas habilidades sociais.

De 2º curso de Educación Primaria: Recibirán apoio un total de 9 alumnos cunha intervención dentro da aula sobre dificultades específicas de aprendizaxe, dificultades na atención e nas habilidades sociais.

De 3º curso de Educación Primaria: Recibirán apoio un total de 7 alumnos cunha intervención dentro da aula sobre dificultades específicas de aprendizaxe, de conduta e dificultades na atención e nas habilidades sociais.

De 4º curso de Educación Primaria: Recibirán apoio un total de 7 alumnos cunha intervención dentro da aula sobre dificultades específicas de aprendizaxe, dificultades na atención, nas habilidades sociais e na comunicación (derivadas por descoñecemento do idioma).

De 5º curso de Educación Primaria: Recibirá apoio un 5 alumno cunha intervención dentro da aula sobre dificultades específicas de aprendizaxe, dificultades na atención, nas habilidades sociais.



O alumnado atendido e o horario da mestra especialista poden variar durante o curso debido a unha variación das necesidades dos alumnos ou debido a altas ou baixas por nova incorporación ou traslado.

### OBXECTIVOS XERAIS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

OBXECTIVOS XERAIS	MEDIDAS/RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	ITENS AVALIACIÓN
Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega, oralmente e por escrito.	Gráficos, concursos, materiais visuais, carteis...	Toda a comunidade educativa	Ao longo de todo o curso.	Ser capaz de favorecer e potencia o uso da lingua galega utilizando as medidas e recursos axeitados.
Favorecer unha presenza constante da lingua galega no colexio.	Rótulos, carteis, documentos, comunicados, concursos, contados online	Membros do EDGL	Ao longo de todo o curso.	Ser capaz de aumentar a participación do alumnado nos diferentes concursos e propostas do EDGL
Desenvolver a sensibilidade do alumnado polo uso da lectura e a escritura en galego.	Contos, dicionarios, revistas temáticas, cómics, contados online	Toda a comunidade educativa.	Ao longo de todo o curso.	Ser capaz de favorecer a lectura e escritura en galego proporcionando novidades bibliográficas na nosa lingua.
Galeguizar todo o sistema informático oficial do centro.	Recursos informáticos, ordenadores, multimedia, etc. Colaboración do equipo de TICs	Membros do EDGL e equipo de TICs.	Ao longo de todo o curso.	Ser capaz de conseguir que o sistema informático sexa galego
Aumentar a colaboración con outras entidades e organismos do contorno.	Recursos informáticos, ordenadores, multimedia, etc. Colaboración do equipo de TICs	Toda a comunidade educativa.	Ao longo de todo o curso.	Ser capaz de colaborar con outras entidades do noso contorno para favorecer a nosa lingua.

### OBXECTIVOS XERAIS DO EQUIPO DE FOMENTO DAS TICs

OBXECTIVOS XERAIS	MEDIDAS/RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	ÍTEMS AVALIACIÓN
Potenciar a comunicación, a participación e a implicación da comunidade educativa e o seu contorno: páxina web, aulas virtuais, blogues,... nos que se divulgue toda a información referente ao Centro.	Manter actualizada a web, aulas virtuais e os blogues	Equipo TIC Dirección do centro Profesorado E-Dixgal Resto do profesorado	Todo o curso.	Interacción mediante novas tecnoloxías. Compartir información e contidos.

Utilizar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe do alumnado das diferentes áreas de contido.	Utilizar programas informáticos e blogs educativos como reforzo e/ou apoio nas distintas áreas do currículo de Infantil e Primaria. Ter dedicada unha hora á semana na aula de informática. Reutilizar os ultraportátiles Abalar.	Equipo TIC  Profesorado E-Dixgal  Resto do profesorado	Todo o curso.	Valoración sobre se a utilización de medios informáticos favoreceu a aprendizaxe do alumnado.
Espertar o interese do alumnado utilizando ordenador como medio de investigación para ampliar coñecementos ou elaborar pequenos proxectos a nivel individual e/ou colectivo.	Desenvolvemento de contidos. Integración e reelaboración de contidos. Facer uso das aplicacións da web, así como de outras ferramentas ofimáticas. Desenvolver pequenos proxectos na aula.  Reutilizar os ultraportátiles Abalar en Terceiro e Cuarto de Primaria.	Equipo TIC  Profesorado E-Dixgal  Resto do profesorado	Todo o curso	Desenvolvemento de contidos e proxectos. Integración e reestruturación de contidos. Uso das distintas ferramentas ofimáticas e outras aplicacións web.
Favorecer e impulsar a aprendizaxe e a creatividade. Deseñar e desenvolver experiencias de aprendizaxe e avaliación para a era dixital Modelar o traballo e a aprendizaxe para a era dixital	Implicación aos estudantes na investigación de temas e resolución de problemas do mundo real usando recursos e ferramentas dixitais. Desenvolvemento de contornos tecnolóxicos de aprendizaxe. Uso de recursos e ferramentas dixitais para apoiar a innovación.	Equipo TIC  Profesorado E-Dixgal  Resto do profesorado	Todo o curso	Calidade e cantidade de traballos realizados polos alumnos con axudas de ferramentas dixitais Uso dos blogs e das aulas virtuais como complemento ao ensino Uso das novas tecnoloxías para favorecer a aprendizaxe dos estudantes
Propoñer e apoiar as accións formativas do profesorado en relación coas TIC.	Promover a formación de grupos de traballo no centro,	Equipo TIC  Equipo directivo	Todo o curso	Coñecemento do persoal docente que se formou no uso das TIC
Resolver problemas técnicos das infraestruturas informáticas	Manter operativos todos os recursos TIC do centro. Destinar recursos económicos ao mantemento e adquisición de equipos e materiais relacionados coas TIC.	Equipo TIC  Equipo directivo	Todo o curso	Mantemento de todos os equipos ao día.
Traballar cos ordenadores edixgal os contidos do curso e promover o traballo con eles.	Implicar no uso dos portátiles a alumnado e profesorado. 106 equipos para o alumnado e 7 equipos para o profesorado.	Equipo Tic Mestres do terceiro ciclo de Primaria.	Todo o curso.	

## OBXECTIVOS XERAIS DO PLURILINGÜISMO

OBXECTIVOS XERAIS	MEDIDAS/RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	ÍTEMS AVALIACIÓN
Mellorar a súa competencia na lingua estranxeira (inglés), o que promove a toma de conciencia sobre a propia linguaxe e una reflexión sobre o uso e utilidade das linguas.	Dar maior protagonismo ao “speaking” nas sesións e xerar máis oportunidade para empregar a lingua de forma oral.	Especialistas de inglés e auxiliar de conversa.	Ao longo do curso.	Apreciación do profesorado valorando a expresión oral.
Propiciar a comparación entre as distintas linguas para incrementar as capacidades metalingüísticas do alumnado.	Presentar as distintas culturas angloparlantes máis próximas á nosa contorna.	Especialistas de inglés e auxiliar de conversa.	Ao longo do curso.	Apreciación do profesorado.
Favorecer o contacto con outras realidades, culturas, crenzas e costumes.	Mostrar aspectos culturais durante as sesións coa axuda da auxiliar de conversa.	Especialistas de inglés e auxiliar de conversa.	Ao longo do curso.	Apreciación do profesorado.
Fomentar a liberdade, a tolerancia, a solidariedade e o respecto ao pluralismo como valores fundamentais da educación	Propiciar debates nos que analicemos aspectos fundamentais da nosa cultura.	Especialistas de inglés e auxiliar de conversa.	Ao longo do curso.	Apreciación do profesorado.

Terán a consideración de centros plurilingües aqueles centros en que se impartan nunha lingua estranxeira áreas ou materias non lingüísticas, de educación primaria cunha carga horaria total impartida en lingua estranxeira de ata o máximo dun terzo do horario lectivo do grupo de alumnado, conforme o que se establece no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. No noso centro se trata dunha hora semanal na materia de Educación Plástica (Arts and crafts) na etapa de Educación Primaria.

## PLAN LECTOR DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

OBXECTIVOS XERAIS	MEDIDAS /RECURSOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	ÍTEMS AVALIACIÓN
<b>Comunidade educativa:</b> -Fomentar o acceso e utilización da biblioteca ao alumnado e profesorado, así coma a difusión dos seus contados e promoción	<b>Manter actualizado</b> o blogue da biblioteca. <b>Publicar</b> información e comunicados das propostas da biblioteca. <b>Xestionar</b> as suxestións e aportacións de todos os	Membros do Equipo DE BIBLIOTECA e coordinador do mesmo.	Todo o curso.	Valoración das actividades realizadas: aportacións e o seguimento do blogue.



- En Infantil: manualidades que levarán os nen@s para as súas casas.
- **Magosto (venres 8 ou martes 12 de novembro)**
  - III Carreira polo San Martiño, cada nen@ elaborará o seu dorsal.
  - Degustación de castañas asadas e chouripán.
- **Nadal (do 9 ao 20 de decembro)**
  - Decoración da entrada do cole e das portas e cada aula con motivos propios desta festividade.
  - Elaboración da árbore de Nadal entre todo o alumnado con material de refugallo.
- **Paz (xoves 30 de xaneiro)**
  - Decoración do símbolo da Paz entre todo o alumnado.
  - Celebración deste día cunha xuntanza no patio de todo o alumnado, interpretando a canción elixida.
- **Entroido (venres 28 de febreiro)**
  - Decoración da entrada do cole con motivos propios desta festividade.
  - Cumprimento das ordes do meco.
  - Desfile polas rúas do pobo o venres 28 de febreiro coa temática elixida polo claustro.
- **Letras Galegas (festival o venres 16 de maio)**
  - Proposta de actividades para levar a cabo nas aulas ao longo da semana do 13 ao 16 de maio.
  - Colaboración en todas aquelas actividades que se propoñan dende o equipo de Dinamización da lingua galega.
- **Graduación 6ºE.I. E 6º E.P. (martes 17 de xuño)**
- **Festival Fin de curso (pendente de elixir a data)**
- Diferentes actuacións dos nenos e nenas as que estarán convidadas as familias.
- **Fin de curso (venres 20 de xuño)**

- Organización do último día do curso escolar, aínda por determinar (festa da auga, festa da espuma, xogos, maquillaxe, discoteca,...).

## CONMEMORACIÓNS

Celebraremos cada unha das conmemoracións recollidas na **Orde do 12 de abril de 2024** pola que se regula o calendario escolar de Galicia para o curso 2023/2024.

- 20 nov: Día Universal da Infancia
- 25 nov: Día Internacional Contra a Violencia de Xénero
- Semana do 6 dec: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia
- 3 dec: Día Internacional das Persoas con Discapacidade
- 10 dec: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
- 24 xan: Día Internacional da Educación
- 30 xan: Día Escolar da non Violencia e da Paz
- 23 feb: Día de Rosalía de Castro
- 8 mar: Día Internacional da Muller
- 15 mar: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor
- Segunda semana de marzo: Semana da Prensa
- 1 abril: Semana das Artes Galegas
- 7 abril: Día Mundial da Saúde
- Semana do 23 de abril: Semana do libro
- 2 maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar
- 9 maio: Día de Europa
- Semana do 17 de maio: Semana das Letras Galegas
- 5 xuño: Día Mundial do Medio Ambiente

Todas estas festividades e conmemoracións levarémolas a cabo de xeito coordinado co resto de equipos do centro escolar e coa colaboración de toda a comunidade educativa.

## SAÍDAS DIDÁCTICAS

Levaremos a cabo todas aquelas saídas que se programen, dende os diferentes ciclos e niveis, ao longo do curso escolar e todas aquelas propostas polo Concello ou pola ANPA do centro.

## PROXECTO EDIXGAL

Continuamos neste curso escolar con este Proxecto que comezou en setembro de 2019.

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

Para o alumnado:

Buscar información na internet e en software de consulta empregando as ferramentas e recursos axeitados dispoñibles.

Elaborar proxectos creativos usando as ferramentas informáticas e audiovisuais (cámara de vídeo, cámara fotográfica dixital, etc) dispoñibles como contos, historias e poemas, cómics, ilustracións, tarxetas de Nadal, carteis, etc.

Empregar as ferramentas informáticas para poñer en práctica as aprendizaxes realizadas na aula e para adquirir novas habilidades e destrezas.

Utilizar outros recursos que sexan susceptibles de aprendizaxe por parte do alumnado, ben sexa de maneira temporal ou permanente.

Para o profesorado:

Elaborar as actividades profesionais da aula usando as TIC.

Buscar na internet e en elementos de almacenamento informático a información necesaria para o desenvolvemento profesional e persoal.

Participar en foros, chats e actividades que fomenten o intercambio de información e experiencias profesionais.

Participar en actividades de formación presenciais ou a distancia a través de internet.

Para o centro:

Poñer en coñecemento da comunidade educativa a existencia e posibilidades das TIC presentes no centro.

Prestar axuda e asesoramento ao profesorado que teña intención de usar as TIC.

Manter a páxina web do centro e dala a coñecer entre a comunidade educativa cara a convertela nun elemento de identidade e de integración do mesmo.

GARDA E CUSTODIA DOS EQUIPOS

Os portátiles para os alumnos/as de 5º e 6º teñen o seu uso regulado, no "acordo de cesión de uso do ordenador do alumnado " firmado polos pais/nais/titores/as legais do alumnado.

#### NORMATIVA DE USO DOS PORTÁTILES

- Antes de coller o portátil os alumnos ou alumnas deixarán as mesas libres de todo obstáculo.
- O alumno ou alumna non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do mestre.
- Non se deberá pór ningún obxecto sobre os equipos.
- Non se comerá nin beberá cando se estean a utilizar os equipos.
- A pantalla non se pode tocar con ningún obxecto, salvo co punteiro destinado para tal fin.
- Cando o profesor proceda a explicar, as pantallas deben estar baixadas.
- Cada alumno é responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas, arquivos, traballos realizados nel e de apagar correctamente o equipo.
- Ante calquera incidencia nos equipos é responsabilidade do alumno avisar o mestre presente.
- Ante unha incidencia o coordinador ABALAR verificará o problema do equipo e decidirá a quen lle compete o seu amaño.
- Non se utilizará a web cam salvo expresa indicación do profesorado.
- Os alumnos e alumnas precisarán cascos que serán de uso persoal.
- Os equipos serán usados segundo as programacións de aula.

#### METODOLOXÍA

As Novas Tecnoloxías na escola deben entenderse inmersas nas distintas áreas curriculares. Non son un fin en si mesmas, senón un medio para acadar outros obxectivos. O alumnado empregaraas como **fonte de adquisición de información** (Internet), para descubrir ou reforzar aprendizaxes recollidas no currículo cotiá. O tema de investigación xorde dos centros de interese do resto das áreas (Coñecemento do Medio, Linguaxe, Matemáticas, Inglés, etc.); preparando **proxectos de clase**; mellorando e afondando co uso das novas tecnoloxías a aprendizaxe doutras materias; afianzando habilidades adquiridas no manexo das ferramentas informáticas e aprendendo ao mesmo tempo **novos recursos e ferramentas informáticas e da rede** (procesadores de texto, programas diversos para a realización de montaxes e presentacións...).

As Novas Tecnoloxías facilitan tamén o uso de **programas educativos e didácticos**, (materiais multimedia e en liña). Estes programas reforzan ou axudan a aprendizaxe de aspectos curriculares ao



tempo que resultan altamente motivadores e lúdicos para o alumnado. Son programas interactivos que aumenta o seu valor pedagóxico. Para os profesores son un recurso educativo moi valioso para a ensinanza (programas educativos, materiais multimedia, SmartBoard...).

As contornas virtuais de aprendizaxe que se empregan neste centro facilitarán a aplicación de plans educativos específicos para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

## **6.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.**

Continuaremos tendo presente o **Plan Dixital** do noso centro, para seguir fomentando o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación e mellorar a competencia dixital do noso alumnado e profesorado. O plan dixital é o instrumento que facilitará o uso dos medios dixitais no proceso ensinanza-aprendizaxe, entendido dende o desenvolvemento pleno e integral do alumnado.

O equipo docente como cada curso solicitou de forma individualizada a súa participación en cada un deles. Fomentárase e facilitárase a participación do profesorado en actividades de formación procurando:

- Conseguir un perfeccionamento teórico e metodolóxico, así coma unha posta ao día do docente en aspectos relacionados coas áreas que imparte.
- Intentar que o profesorado se forme en aspectos que son necesarios para o traballo diario no centro tales como: uso da aplicación XADE, xestión da biblioteca, uso das tic, manexo da aula virtual, aproveitamento de ferramentas tecnolóxicas, utilización da radio escolar...
- Intentar que o profesorado busque a innovación e a calidade educativa a través de metodoloxías actuais que favorecen a mellora do rendemento e o éxito escolar.

Este ano, estamos inmersos nun **Proxecto de Formación Permanente do Profesorado** para dinamizar a **biblioteca do centro** e o uso do material de **Polos Creativos** que nos enviará a Xunta

Algún dos obxectivos que nos platexamos son os seguintes:

- Fomentar o uso da biblioteca como centro das aprendizaxes .

- Diseñar unha biblioteca que dea resposta a todas as necesidades do alumnado e da comunidade educativa.
- Aproveitar o uso da biblioteca para fomentar a creatividade e dinamizala para fomentar proxectos de investigación.
- Coñecer os recursos tecnolóxicos.
- Aprender a utilizar a radio escolar (sempre que recibamos o material) como medio de comunicación e aprendizaxes.
- Fomentar o interese do profesorado no uso dos recursos de polos creativos.

Ademais, seguiremos formando parte do Programa Xogade, organizado e coordinado polo Departamento de Educación Física, dirixido a todo o alumnado de E. Primaria, que consiste no desenvolvemento de varias xornadas, en cada un dos trimestres.

O **Programa XOGADE** (xogos galegos deportivos en idade escolar), é unha campaña de actividade lúdico deportiva, promovida e financiada polo Servizo de Deportes da Xunta de Galicia, co obxectivo de levar a actividade a todos os concellos galegos e brindarlles aos escolares a posibilidade de practicar e competir cos clubs e colexios de toda a comunidade autónoma, dáselle así resposta a un dos obxectivos principais da política deportiva da Xunta de Galicia: fomentar e estender o deporte educativo e saudable a toda a sociedade dende as idades máis temperás.

Combina o programa deportivo cun programa lúdico e participativo para os escolares dos centros educativos de toda Galicia, sendo este o primeiro paso cara a un deporte humanista, educativo e saudable.

O obxectivo primordial desta nova concepción do deporte será a promoción da saúde, a condición física e o benestar, sen esquecer deixar de lado o rendemento deportivo, pero asegurar que todos os escolares poidan ter acceso á práctica de actividades físico-deportivas sen que exista ningún tipo de discriminación.

## **7.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA**

### **COMPOÑENTES DA ANPA**

**PRESIDENTA:** MERCEDES GONZÁLEZ ALFAYA

**SECRETARIA:** PATRICIA CARRILLO LOURIDO

**TESOUREIRA:** MONTSE FERREIRA BRAO

Na actualidade o Centro conta cunha asociación de pais e nais legalmente constituída, ANPA A OLIVEIRA. É fundamental potenciar a participación de toda a comunidade educativa para acadar os obxectivos plantexados e especialmente a estreita colaboración das familias por seren unha parte moi importante para o desenvolvemento da tarefa educativa.

Precisamos contar cos pais e nais para acadar a mellora da convivencia no centro, o cumprimento das normas establecidas para unha mellor organización e funcionamento do mesmo.

Grazas a ANPA, o centro conta con actividades extraescolares, colabora en actividades culturais, temos funcionando o comedor escolar temporalmente mentres a Xunta de Galicia non poida asumir a súa xestión, ...o labor conxunto pais/nais-mestres é o que fai posible acadar os obxectivos educativos propostos.

A relación dos membros do claustro coas familias debe basearse na comunicación e a coordinación. Este clima potenciarase sobre todo nas reunións de titoría, con motivo de informar e obter informacións dos pais/nais que favorezan o desenvolvemento do proceso educativo.

Os titores/as manterán contacto cos pais/nais, de xeito individual ou colectivo, mediante reunións que se celebrarán os días establecidos para cada titor/a, previa cita, ou calquera outra data acordada polas dúas partes.